



## AVISOS ÁS FAMILIAS: **COMEDOR ESCOLAR**

Por mor dos cambios no presente curso 13-14 na xestión dos comedores escolares en Galicia, indicamos á comunidade educativa as seguintes cuestións:

*\*A normativa que regula dita xestión está recollida no DECRETO 132/2013, do 1 de agosto dog nº 154 e na instrución 2/2013 da secretaría xeral técnica da consellería de cultura, educación e ordenación universitaria, do 14 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2013-2014.*

Tal como indica esta normativa o servizo de comedor no xantar ( de 14h a 16h) será contratado pola Xunta de Galicia cunha empresa privada e xestionado pola dirección do centro cun protocolo establecido polo Consello Escolar de centro.

Non existe contratación por parte da Xunta con respecto ao almorzo ( 7h30 a 9h). Sen embargo tanto as ANPAs como Concello están a dar resposta ao servizo de comedor nesta franxa horaria co correspondente consenso no Consello escolar de Centro. Polo que previo pago do servizo a partir do xoves comezará a realizarse.

\*En vista destas novas indicamos que neste mes de setembro e a partir do día 11 , os que desexen utilizar o comedor escolar o fagan como en anteriores cursos facendo a reserva do mesmo xeito no propio comedor con antelación, ben sexa para o almorzo ou para o xantar.

\*Deberanse cubrir as solicitudes do comedor deberán e entregala coa documentación oportuna ( autodeclaracion ou outros documentos), xa que neste mes de setembro o consello escolar procederá a efectuar un baremo co fin de ter unha relación de solicitudes e de usuarios con dereito a axudas.

De selo caso os usuarios que non obtivesen a axuda económica que tiñan previsto deberan aboar o custe correspondente no seu momento.

\*O modelo de solicitudes pódense recoller no comedor, na conserxería ou descargalo da web do centro, entregaranse nestes mesmos lugares ata o 17 de setembro.

**Narón a 9 de setembro de 2013**  
**Director**